

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Xose Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Víctor Cardador González
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. José Cidrás Pidre
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Rubén Frieiro Barros
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D^a. M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Alejandro Padín Mariño
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D. Mariano Pérez-Martínez Pérez-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Carlos Román Lago
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. José Tojo Suárez
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
D. Federico Vilas Martín
D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
D^a. Nieves Redondo Álvarez (CC.OO)
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do vintenove de xullo de mil novecentos noventa e nove, ás 9.00 horas en primeira convocatoria e ás 9.30 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O xoves **día 29 de xullo de 1999**, ás 9:45 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores (24.06.99 e 09.07.99).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE, visitantes, transformacións, comisións de servizo, permisos e licencias.
- 4º.- Aprobación, se procede, da normativa de elaboración e modificacións dos plans de estudo.
- 5º.- Aprobación, se procede, da normativa para o recoñecemento de cursos, seminarios e actividades académicas para a libre configuración.
- 6º.- Iniciación do expediente de creación da Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo de Ourense.
- 7º.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos de postgrado: II Magister en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca, III Curso Superior en Prevención de Riscos Laborais, IV Curso de Postgrao de Dirección e Xestión de Cooperativas e Pemes, II Máster en Creación e Dirección de Empresas e Máster en Desenvolvemento Local e Rural.
- 8º.- Aprobación, se procede, da conta de liquidación do presuposto do exercicio de 1998.
- 9º.- Aprobación, se procede, do expediente de validación de gastos.
- 10º.- Modificación excepcional do límite de gastos de representación dos departamentos da Facultade de Belas Artes.
- 11º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno das Residencias Universitarias.
- 12º.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio Marco de Intercambio Académico, Científico e Cultural entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Buenos Aires, Acordo Marco de Colaboración entre a Pontificia Universidade Católica do Ecuador e a Universidade de Vigo, Acordo Marco de Colaboración entre a Universidade de Costa Rica e a Universidade de Vigo e Acordo de Amizade para a Cooperación e Intercambio entre a Universidade de Costa Rica e a Universidade de Vigo (*).
- 13º.- Rogos e preguntas.

(*). Apróbase tamén convenio de Cooperación entre a Universidade de Vigo e a Universidade

de New México.

No punto 1, apróbanse as actas coas alegacións dos profesores Sánchez Trigo, Corbacho e Santamaría que xa figuran na redacción definitiva.

No **punto 2**, o Rector informa que o día 28 deste mes de xullo, tivo lugar unha xuntanza en Santiago na que estiveron presentes os tres rectores galegos e representantes da Consellería de Educación para tratar dos criterios que vai utilizar a Xunta de Galicia para financiar ás universidades.

A Xunta vai financiar por crédito matriculado en cada titulación. As titulacións distribúense en 5 grados de experimentalidade, o que afecta á hora de computar en termos de financiamento as porcentaxes de docencia teórica e práctica.

Se consideran grupos de 125 alumnos no primeiro ciclo e de 75 no segundo ciclo. O terceiro curso das diplomaturas é considerado como de primeiro ciclo. Cada grupo teórico repartirase en 3 grupos prácticos (agás en Ciencias da Saúde que é de 5) o que fai que os grupos prácticos sexan de 41 alumnos en primeiro ciclo e de 25 no segundo ciclo.

A información sobre este tema xunto con datos de profesorado nas tres universidades galegas xúntase ó acta como ANEXO I.

Toda esta información afecta á Universidade de Vigo en dúas vertentes. Por unha banda o documento sobre elaboración e modificación de plans de estudio aprobado na Coav, debería ser reformado e mellorado para adaptalo a este novo marco. Por outra banda, hai que ser especialmente coidadoso co concurso de profesorado deste ano para evitar (e corrixir de se-lo caso) o exceso do capítulo I en relación co citado plan da Xunta de Galicia.

Baseándose no anterior, O Rector pide que a Coav adapte o documento que figura no punto 4 da orde do día ós novos criterios da Xunta de Galicia. O punto 4 debe retirarse e volverse a traer, coas oportunas modificacións, á seguinte Xunta de Goberno. Así mesmo parece aconsellable a suspensión momentánea do concurso de profesorado.

Varios membros da Xunta de Goberno interveñen en relación co informe do Rector.

Os profesores Vilas e Durany apoian a retirada do punto 4 e manifestan a súa preocupación polo atraso do concurso de profesorado.

O profesor Pérez-Amor considera un disparate académico o que se establece nesos criterios de financiamento expostos no informe. Considera que a calidade da docencia vai estar gravemente afectada.

O profesor Corbacho considera correcta a retirada do punto 4 para corrixir os criterios, no camiño de considerar a tódolos alumnos como universo contable. No referente ó concurso de profesorado di que, cando menos, deberían saír as prazas das novas titulacións.

O profesor Reigosa di que este atraso na saída do concurso de profesorado producirá malestar na Universidade, pero hai que ter presente a realidade. Considera que para non atrasar todo o concurso poderían saír xa as prazas que estean totalmente claras.

O profesor Gago propón que non se pare o concurso para as prazas consolidables sempre que os departamentos teñan solicitadas prazas non consolidables; é dicir que se faga o axuste coas prazas non consolidables.

Por último, o Rector informa dos convenios asinados coa Consellería de Xustiza.

No punto 3, apróbase o seguinte:

* Prazas BOE: (apróbanse as que están ocupándose interinamente, retirándose as restantes)

X06	225	TIT-UN	Vigo	Xavier Labandeira Villot
H06	814	TIT-UN	Vigo	Arturo Parada Diéguez
T05	065	TIT-UN	Vigo	Carmen Pérez Pérez
X02	130	TIT-UN	Ourense	Elena Martínez Hens

* Transformacións:

T01	305	Antonio Fernández Álvarez	de PP1 a PP2
X08	415	Mª Jesús Freire Serén	de PP1 a PP2
X03	145	Beatriz González Moreno	de PP1 a PP2
X09	095	Mª José García Rodríguez	de PP1 a TIT-UN(I)
X01	730	Mª José Pérez Fabello	de PP2 a TIT-UN(I)
T02	535	Edelmiro Míguez García	de PP1 a TIT-UN(I)
H03	370	Amparo Solla González	de ASO T3-T a TIT-EU(I)
T02	535	Eloy Díaz Dorado	de PP1 a TIT-UN(I)
H06	814	Ana Luna Alonso	de PP2 a TIT-UN(I)
H06	814	Susana Cruces Colado	de PP2 a TIT-UN(I)
H02	583	Antonio Chas Aguión	de AXU1 a PP2
T09	570	Silvana Gómez Meire	de AXU-EU a PP1
X02	165	Mª del Mar Maroño Gargallo	de PP1 a PP2
X02	165	Miguel Ángel Bouza López	de PP1 a TIT-UN(I)
X02	381	Ana Garriga Domínguez	de PP2 a TIT-UN(I)
T06	505	Enrique Lorenzo Cimadevila	de PP1 a PP2
X03	175	Inés Celia Iglesias Conde	de PP2 a TIT-UN(I)
H05	485	Francisco Javier Pérez Rodríguez	de PP2 a TIT-UN(I)

* Comisións de servizo:

- Á Universidade Rey Juan Carlos de Móstoles para o profesor Camilo Prado Freire.
- Á Universidade de Cantabria para o profesor Juan Martínez Moro.

* Permisos e licencias:

- Ó profesor Manuel José Fernández Iglesias, do 01.05.2000 ó 31.07.2000
- Á profesora Mª Angeles Expósito Castro, do 01.10.99 ó 31.12.99

O punto 4 retírase, nos termos expostos no informe do Rector.

Intervén o Vicerrector de Organización Académica para manifestar que agradecería calquera tipo de suxestións que os membros de Xunta de Goberno lle fagan chegar.

A profesora López Vidal di que deben unificarse no documento os termos de semestre e de cuatrimestre e que debe aclararse o punto 3.2.c referente á composición das Xuntas de Titulación.

O Sr. Frieiro pide que se sexa flexible ó establecer o número mínimo de alumnos por orientación.

O profesor Corbacho non está de acordo coa alínea 1.2.3 relativa á carga lectiva global e di que debe clarexarse o termo "transversalidade entre plans de estudio".

O profesor Pérez-Amor di que é necesario aclara-los conceptos de xeral e básico e que habería que estudia-la rebaixa do número máximo de materias por cuatrimestre.

O profesor Reigosa pide que se faga sobre o documento o menor número posible de cambios. Di que, en xeral, hai pouca optatividade e que debe pensarse nunha alternativa para o caso en que se peche unha orientación.

O profesor Membiela pensa que debe quedar máis clara a alínea do procedemento a seguir entre a Xunta de Titulación e a Xunta de Facultade.

O Sr. Gómez Soler fai suxestións sobre a alínea de practicums, sobre os créditos por equivalencia e sobre a alínea 6.2 relativa ós mecanismos de validación entre plans extinguidos e novos.

O profesor Tojo cre que debe aclararse a diferenza entre materia optativa "tipo", "xeral" e "de orientación". Suxire á Coav que estudie a posibilidade de reforzar a maioría na Xunta de Titulación (quizás 2/3 en lugar de maioría simple).

O profesor Surís di que non deben mesturarse as directrices propias coas normativas de implementación.

O profesor R. Berrocal pide que se aclare a composición das Xuntas de Titulación.

No punto 5, o Vicerrector de Organización Académica explica que esta normativa foi aprobada na Coav por unanimidade.

O profesor Candelas considera demasiado esixente a equivalencia "1 crédito=30 horas" e cre que debe controlarse a asistencia.

O Sr. Álvarez Moreira pide que a Coav acepte propostas de cursos que cheguen das delegacións de alumnos sen ter que pasar polo centro (o Rector non está de acordo coa proposta).

Apróbase por asentimento a normativa para o recoñecemento de cursos, seminarios e actividades académicas para a libre configuración.

No punto 6, o Rector informa do acordo unánime do Consello de Campus, que se engade ó acta como ANEXO II. Pide que, se é posible, sexa aprobado por asentimento en Xunta de Goberno.

O profesor R. Berrocal acepta agora esa proposta, reservándose o dereito de disentir noutras etapas do proceso.

Apróbase por asentimento o inicio do expediente de creación da Facultade de Ciencias da Educación e do Traballo do Campus de Ourense.

No punto 7, o Vicerrector de Organización Académica explica a proposta de cursos da Coav enmarcada no Regulamento de Títulos Propios publicado no DOG e entrega nesta sesión a folla do plan de estudos que falta na documentación do IV Curso de Dirección e Xestión de Cooperativas e Pemes.

Di que estes cursos deben aprobarse condicionados a que se cumpran as suxestións ou condicións formuladas polo Servicio de Contabilidade, a Asesoría Xurídica ou o Consello Social.

O profesor Candelas considera excesiva a remuneración por hora en todos eles así como esaxerada a partida dedicada a material funxible. Está en desacordo en xeral coa política de másters e vai votar en contra de todos por unha cuestión de fondo.

Sométense a votación os cursos:

*II Master en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Productos de Pesca

A favor	19 votos
En contra	1 voto
Abstencións	8

Apróbase

*III Curso Superior en Prevención de Riscos Laborais

A favor	20 votos
En contra	1 voto
Abstencións	8

Apróbase

*II Máster en Creación e Dirección de Empresas

A favor	21 votos
En contra	1 voto
Abstencións	7

Apróbase

*IV Curso de Postgrao en Dirección e Xestión de Cooperativas e Pemes

A favor	20 votos
En contra	1 voto
Abstencións	5

Apróbase

Por último indica o Vicerrector que o Máster en Desenvolvemento Local e Rural non encaixa na normativa de títulos propios polo que o Rector propón que volva a Xunta de Goberno en setembro cun acordo claro da Coav. Acéptase.

No punto 8, o Xerente resalta a diferenza que existe entre o presuposto que se aproba e o que se liquida. O grao de execución é baixo o cal parece sorprendente e non é positivo.

Indica ademais que debería traballarse no futuro para facer unha programación por obxectivos

O profesor Pose di que falta a memoria explicativa e que debería terse enviada toda a documentación ós membros de Xunta de Goberno. Expón que hai unha retención cautelar de 928 millóns de pesetas que non sabe se é correcta e pide que se revise. No referente o baixo grao de execución cre que hai que disculpalo.

O profesor Reigosa insiste na importancia da intervención do Sr. Xerente en relación co intento de chegar a unha programación por obxectivos.

O Vicerrector de Planificación explica que a memoria á que se referiu o profesor Pose xa está feita e que tódolos datos da mesma están na conta de liquidación.

O único que non está na memoria é a evolución mes a mes dos ADOPs en cada centro de gasto. Insiste tamén en que toda a comunidade universitaria deberá reflexionar para chegar a unha programación por obxectivos.

A continuación pásase á votación (entendendo que incluíría a aprobación da memoria).

A favor	22 votos
En contra	0
Abstencións	10

Apróbase

O punto 9, relativo ó expediente de validación de gastos, **apróbase por asentimento**.

No punto 10, logo de ser explicado polo Sr. Xerente, o profesor Pose pide que cando se lle comunique individualmente se lle indique canto lle corresponde a cada un segundo a normativa.

Apróbase por asentimento.

No punto 11, despois das intervencións do Vicerrector de Extensión Universitaria, do Sr. Gómez Soler, dos profesores Tojo, R. Berrocal, Pose, Pérez-Amor e dos Sres. Frieiro e Pérez de Obanos, das que se deduce que esta normativa necesita unha redacción máis meditada nalgún dos seus puntos, acórdase **retira-la proposta** para que a Comisión de Extensión Universitaria elabore unha proposta final para ser tratada noutra Xunta de Goberno.

No punto 12, **apróbanse** os convenios reseñados na orde do día **xunto co** Convenio de Cooperación entre a Universidade de New México e a Universidade de Vigo.

No punto 13, relativo a rogos e preguntas, producíronse os seguintes:

- O PROFESOR SANTAMARÍA roga que se unifiquen os modelos de solicitude de prazas de profesorado.

- O PROFESOR CORBACHO pide que se lle envíe a comunicación que se enviou á prensa despois do último Claustro e roga que figure na rede o estado das áreas.

- O PROFESOR CANDELAS roga tamén que figure na rede o estado das áreas e pregunta cando comezarán as obras de reforma na Facultade de Humanidades.

- O SR. FRIEIRO roga que se inclúa no sobre de matrícula de primeiro curso unha guía das materias que se deberán cursar .

Tamén pregunta pola normativa sobre avaliación curricular, polo tema da radio universitaria e polo polos problemas en deportes (desaparición de actas e descalificación do equipo de voley feminino). (O Rector indica que debe pasar toda a información ó Vicerrector de Extensión Universitaria).

- O SR. ÁLVAREZ MOREIRA pide que conste na acta o texto que entrega e que figura como ANEXO III.

- O SR. GÓMEZ SOLER pregunta se xa comezou a traballar a persoa que vai coordinar os temas de voluntariado entre o Concello e a Universidade (o Vicerrector de Extensión Universitaria responde que se está á espera de falar co novo equipo municipal).

Tamén pregunta se está asinado o convenio con Caixa Vigo que regula os créditos blandos para estudantes (respóndeselle que sí e que o Siope ten a información). Ademais pregunta se pode informarse do mesmo nos sobres de matrícula (respóndeselle que se vai tratar de difundir o máis posible esa información).

- O PROFESOR POSE roga que se tomen medidas pola afluencia de cabalos no Campus, o cal considera perigoso, e pregunta porqué se fixo o cambio de uso do Pavillón Estudiantil na Cidade Universitaria.

- O SR. MARTÍNEZ CACHARRÓN roga que se habilite a venda de bono-bus nos centros así como que nos períodos de exame se habilite a apertura das bibliotecas en horas nocturnas.

Pregunta se se fixo a actualización dos datos para a nova guía do estudante e cando se adxudicarán os locais para as asociacións (responde o Vicerrector de Docencia e Alumnado explicando que en pouco tempo se van destinar a ese uso espazos no edificio de Fundación).

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14 horas do día 29 de xullo de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo